

Relación de suxeitos a que se refire este Edicto:

ART = Artigo; RGC = Regulamento Xeral de Circulación; LSV = Lei de Seguridade Viaria; PTOS = Puntos

DENUNCIADO/A	NIF/CIF	Nº EXP	DATA	PTOS	MATRICULA	ART.	NORMA	IMPORTE
FERNANDEZ BLANCO MANUEL	35451112Q	1101701	07/09/2011	0	PO-4640-AY	91	R.G.C. PARADAS Y ESTACIONAMIENTOS - MODO Y FORMA	200.00 €
FONTEOLA BALBUENA DAVID	76871852X	1200736	28/09/2012	0	5722 BKC	91	R.G.C. PARADAS Y ESTACIONAMIENTOS - MODO Y FORMA	200.00 €
LOIS GONZALEZ ANTONIO	77400810Z	1101711	22/08/2011	0	C-4306-BZ	94	R.G.C. PARADAS Y ESTAC. - LUGARES PROHIBIDOS	200.00 €
MUÑIZ MENDEZ JESUS	36108743P	1001186	09/08/2010	0	5653 BYN	9	BIS. L.S.V. OBLIGACIONES TITULAR Y CONDUCTOR	900.00 €

O Grove , a 26 de xuño de 2013.—O Concelleiro de Tráfico e Seguranza Cidadá, ilexible. **2013006889**

A N U N C I O

O Pleno municipal aprobou inicialmente a Ordenanza municipal das axudas de emerxencia social contempladas no programa básico de inserción social. Durante o prazo de exposición pública non se formulou reclamación ningunha contra esta, polo que resultou definitivamente aprobada e publícase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia para que entre en vigor.

Edítase para o xeral coñecemento e faise constar que contra o acordo e a ordenanza aprobada se pode interpor un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

**BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL
DENTRO DO PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL**

FUNDAMENTACIÓN

A Declaración Universal de Dereitos Humanos, do 10 de decembro de 1948, no seu artigo 25.1 afirma que todos e todas terán dereito a un nivel de vida digno que lles asegure, xunto coa súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios.

Esta declaración contribuíu a sentar as bases dun novo modelo de estado social no que os poderes públicos quedan compelidos a desenvolver accións positivas que cren as condicións necesarias para que “a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social”.

É o momento de que os poderes públicos deixen de ser simples observadores e actuar positivamente a favor dos que quedan ou están en risco de quedar á marxe da sociedade e de crear as condicións para que todas as persoas gocen dunha real igualdade de oportunidades.

En correlación cos avances que a nivel do país se están producindo en materia de política social, é preciso fuxir dos modelos meramente asistencialistas e camiñar cara a un novo modelo de xestión do benestar.

Por iso entendemos que, ademais da necesidade de regular as axudas dirixidas a paliar determinadas situacións de emerxencia social, é necesario poñer en marcha mecanismos e ferramentas que contribúan á desaparición desas situacións e que van requirir a participación e coordinación doutros departamentos municipais.

Para tal fin, a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais configúrase como un sistema integrado de protección social, orientado á prestación de atencións e servizos que posibiliten a mellora da calidade de vida e a participación das persoas que sofren algún tipo de carencia, marxinación ou desatención selectiva, así como á prevención e eliminación das causas que están na orixe daquelas situacións.

Este sistema de protección social estrutúrase en dous niveis de atención:

1. Servizos Sociais Comunitarios.
2. Servizos Sociais Especializados.

Os programas básicos de Servizos Sociais Comunitarios son:

- Programa de valoración, orientación e información.
- Servizo de Axuda no Fogar.
- Servizo de educación e apoio familiar.
- Programa básico de inserción social.
- Programa de fomento da cooperación e solidariedade social.

Co programa de Inserción Social procúrase darlles resposta a problemáticas concretas de marxinación e exclusión social, aplicando tanto proxectos de traballo social personalizado ou de grupo coma prestacións económicas específicas.

O Concello do Grove, de conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 3 de xuño, de subvencións de Galicia, establece estas bases para regular as Axudas Municipais de Emerxencia Social, co obxecto de potenciar a transparencia, eficiencia e eficacia de este gasto público, entendido como recurso facilitador da integración social dos cidadáns e das cidadás que sofren máis carencias.

ARTIGO 1. OBXECTO

É obxecto destas bases a regulación das Axudas Municipais de Emerxencia Social destinadas a persoas ou familias empadroadas e residentes no concello do Grove.

Enténdese por Axudas de Emerxencia Social o conxunto de axudas e prestacións económicas destinadas a paliar ou resolver, por si mesmas ou complementariamente con outros recursos e prestacións, situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia, reforzar procesos de integración familiar e inclusión social e previr situacións de exclusión social.

A finalidade destas bases é darlles resposta inmediata a situacións puntuais de necesidade, xeradas por emerxencia individual ou familiar derivadas de gastos específicos de carácter básico (alimentación, vestiario, vivenda, uso básico da vivenda e equipamento desta, medicinas, tratamentos (p. e. lentes), aloxamento alternativo, desprazamentos de urxencia, actuación extraordinarias no domicilio cando exista risco sanitario, enterramentos...).

As Axudas de Emerxencia Social Municipais, en caso necesario, deben formar parte dun proceso de intervención social encamiñado a superar a situación de necesidade presentada, mediante unha axuda económica.

ARTIGO 2. TIPOS DE COBERTURA

Distínguense dentro das Axudas de Emerxencia Social dúas modalidades:

2.1 Axudas de pago único, con carácter transitorio e motivado por causas excepcionais, de carácter puntual, urxente e debidamente xustificadas. Este apartado incluíría:

- a) Falta de cobertura mínima das necesidades básicas de carácter persoal (alimentación, vestiario) e débedas ocasionadas por este mesmo concepto.
- b) Débedas adquiridas por pagamentos de alugamento, fianza, cotas comunitarias ordinarias e aquelas que por valoración técnica se estimen necesarias no referente ao mantemento e conservación da vivenda.
- c) Débedas adquiridas por pagos de gastos ocasionados por motivo do uso básico da vivenda habitual: auga, luz e gas.
- d) Falta de cobertura económica para a adquisición de equipamento básico para o fogar: mobiliario e/ ou electrodomésticos de primeira necesidade.
- e) Falta de cobertura económica para a adquisición de medicinas e débedas ocasionadas por este mesmo concepto, na porcentaxe non cuberta polo sistema público sanitario.
- f) Falta de cobertura económica para o pago dun aloxamento alternativo (hostal, pensión...) cando sexa imposible a permanencia da persoa no seu domicilio habitual por situación de catástrofe, e/ou situación persoal, familiar, sanitaria ou social.

Outros gastos excepcionais derivados da cobertura de necesidades non recollidos nos anteriores apartados ou por outro tipo de prestación ou axuda, e logo de valoración técnica, tales como desprazamento de urxencia, limpeza extraordinaria en domicilio cando exista un risco sanitario, enterramentos etc.

2.2 Axudas de carácter periódico para a cobertura de necesidades básicas, unha vez ao mes. Cunha duración determinada que será establecida pola traballadora social con base no seguimento e avaliación de cada caso.

ARTIGO 3. BENEFICIARIOS/AS

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas, as persoas ou unidades familiares de convivencia empadroadas e residentes no concello do Grove, cun estado de necesidade recoñecido polos Servizos Sociais Comunitarios no momento da solicitude e sempre que cumpran cos requisitos esixidos para a súa concesión.

Enténdese como unidade de convivencia independente as persoas que vivan soas e, de ser o caso, o conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico unidos por lazos de consanguinidade ou afinidade.

ARTIGO 4. REQUISITOS XERAIS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

4.1. Ser maior de idade ou menor emancipado/a con fillos/as a cargo.

4.2. Estar empadroado/a e residir no termo municipal do Grove cunha antelación mínima de 6 meses á solicitude.

Deste período mínimo están exentos:

- a) Solicitantes que acrediten unha situación de emigrante retornado.
- b) Persoas acollidas en aloxamentos institucionais.
- c) Ou no caso de valoración positiva do/a técnico/a de referencia.

4.3. Non ter concedidas axudas polo mesmo concepto por parte doutro organismo, entidade ou administración pública que cubran a totalidade da necesidade pola que se solicita a prestación.

4.4. Non ter solicitada ningún membro da unidade familiar de convivencia unha axuda económica de emerxencia social municipal para a mesma finalidade nos últimos doce meses, salvo en casos excepcionais nos que a necesidade sobrevida requira atención urxente e inmediata.

4.5. Carecer de medios económicos para facerlle fronte á necesidade de urxencia, de acordo cos baremos do artigo 6.

4.6. Atoparse en situación de necesidade a xuízo dos/as técnicos/as de Servizos Sociais do Concello do Grove.

ARTIGO 5. REQUISITOS ECONÓMICOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

Polo que respecta ás axudas de emerxencia de pago único, con carácter transitorio e motivado por causas excepcionais, de carácter puntual e urxente:

Considérase que non se dispón de ingresos suficientes con que atender total ou parcialmente os gastos específicos de carácter básico, cando os recursos económicos mensuais (unha vez descontados, de ser o caso, os gastos procedentes da vivenda habitual (préstamo hipotecario ou alugueiro) ata un máximo de 250 €/mes) da unidade familiar non sexan superiores ao 75% do IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) incrementándose nun 10% o IPREM por cada membro da unidade familiar a partir do segundo:

- Unidade familiar de 2 membros: 85% do importe do IPREM *
- Unidade familiar de 3 membros: 95% do importe do IPREM *
- Unidade familiar de 4 membros: 105% do importe do IPREM *
- Unidade familiar de 5 membros: 115% do importe do IPREM *

A partir de unidades familiares de 6 membros, incrementarase o límite económico no 10% do IPREM * por cada membro (unidade familiar de 6 membros 125% do IPREM *, unidade familiar de 7 membros 135% do IPREM*, e así sucesivamente)

* IPREM mensual.

ARTIGO 6. CÓMPUTO DE MEDIOS ECONÓMICOS

Os medios económicos computaranse de conformidade aos seguintes puntos:

- O total de ingresos que reciba no mes anterior á formulación da solicitude o/a solicitante e as persoas que constitúan a unidade de convivencia, en concepto de salarios, rendas, pensións, retribucións, prestacións, axudas, subsidios ou calquera outra. En relación aos ingresos derivados e capital mobiliario terase en conta a Declaración da Renda do último exercicio. En caso de variacións estas deberán estar debidamente xustificadas.
- Valoraranse como recursos económicos para a concesión de axudas os bens mobles e inmobles sobre os que se posúa dereito de propiedade, usufruto, posesión ou calquera outro, que polas súas características, valoración, posibilidade de explotación ou venda indiquen a existencia de medios de unidade de convivencia.

ARTIGO 7. CONTÍA DAS AXUDAS

7.1 Axudas para necesidades básicas (medicinas, alimentación,...) ata unha contía máxima do 35% do IPREM.

7.2. Axudas ata un importe máximo ou igual ao 300% do IPREM mensual en concepto de vivenda, alugamento, cotas comunitarias ordinarias, fianza, gastos de mantemento e equipamento, obras destinadas a garantir as condicións mínimas de habitabilidade da vivenda.

ARTIGO 8. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS

De conformidade co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, xeral de subvencións de Galicia, as subvencións previstas nestas bases outorgaranse directamente, acreditados os requisitos sinalados nas presentes bases.

Unha vez aprobadas as presentes bases, serán publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerán en vigor ata a súa derogación ou modificación expresa.

O procedemento iníciase mediante unha solicitude a través dunha instancia ao Concello, acompañada da documentación requirida.

ARTIGO 9. DOCUMENTACIÓN

A documentación acreditativa requirida é a seguinte:

- 9.1. Solicitude de axuda debidamente cuberta (ANEXO I)
- 9.2. Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte de todos os membros da unidade familiar de convivencia maiores de 18 anos.
- 9.3. Fotocopia do Libro de Familia, se é o caso.
- 9.4. Compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que é concedida, segundo o modelo adxunto (ANEXO II).
- 9.5. Declaración de axudas recibidas polos mesmos motivos, segundo o modelo adxunto (ANEXO III).
- 9.6. Certificado de empadramento do/a solicitante, no que se acredite unha antigüidade mínima de seis meses anteriores á formulación da solicitude (excepto casos especiais sinalados).
- 9.7. Certificado de convivencia a nome do/a solicitante.
- 9.8. Certificado do Concello do Grove de bens urbanos, rústicos, IAE, titularidade de vehículos, así como declaración xurada de posesións de bens urbanos, rústicos, IAE e titularidade de vehículos a nome de todas as persoas maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia.
- 9.9. No caso de persoas con discapacidade ou enfermidade, deberán presentar o certificado do grao de discapacidade ou informes do Sistema Público de Saúde onde se acredite a enfermidade invalidante.

9.10. No caso de manifestar maltrato ou violencia doméstica, deberá presentar a denuncia ou un documento acreditativo.

9.11. No caso de separación ou divorcio, deberá presentar documentación acreditativa da situación e, de ser o caso, de pensións alimenticias e compensatorias.

9.12. Xustificantes de gastos de vivenda: fotocopia do contrato de alugamento, xustificante da cota mensual do crédito hipotecario do exercicio en curso, xustificante acreditativo dos gastos de mantemento da vivenda pendentes de pagamento e orzamento de material e calquera outro equipamento obxecto de subvención que se constase necesario.

No caso de débeda contraída co propietario ou propietaria da vivenda, declaración deste/a que así o acredite; e no caso de vivenda compartida ou pensións, declaración do propietario ou propietaria do custo por cuarto ou contrato de habitación.

9.13. No caso de solicitar axuda para tratamento farmacolóxico, deberá achegar a receita médica do Sergas e a documentación acreditativa da farmacia do custo do produto.

9.14. Xustificantes de ingresos da unidade familiar de convivencia:

- Fotocopia da última declaración do IRPF de todos os membros maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia; no caso de non ter que presentala, certificación negativa do IRPF.
- No caso de persoas en situación de desemprego, copia da súa tarxeta de demandante de emprego e certificado de prestacións de desemprego e, no seu defecto, certificado negativo emitido polo servizo público de emprego.
- Certificado de vida laboral da Seguridade Social.
- Copia da última nómina das persoas que se atopen desempeñando actividade laboral remunerada regular e copia do contrato de traballo.
- Certificado de pensionista emitido polo organismo competente, para as persoas beneficiarias dalgún tipo de prestación do sistema e, en caso contrario, certificación negativa ao respecto, das persoas maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia.

9.15. Copia ou certificación bancaria onde o solicitante conste como titular dun número de conta, cando sexa necesario.

9.16. Orzamento que vai ser obxecto da concesión da axuda.

9.17. Outros documentos específicos segundo as circunstancias de necesidade.

9.18. Calquera outra documentación que para a correcta valoración da solicitude se lle poida requirir durante a tramitación.

ARTIGO 10. FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

10.1. A solicitude, acompañada da documentación acreditativa presentárase no Rexistro de entrada do Concello para o seu traslado ao departamento de Servizos Sociais Comunitarios.

10.2. Unha vez recibida no Rexistro de entrada a solicitude, será remitida coa maior brevidade ao departamento de Servizos Sociais e requirirase, de ser o caso, a persoa interesada para que corrixa os posible erros ou para a achega da documentación necesaria, apercibíndoo de que no caso contrario se lle terá por desistido da súa petición, e arquivarase o expediente.

10.3. O/a traballador/a dos Servizos Sociais comunitarios comprobará as circunstancias socioeconómicas da persoa interesada e da unidade familiar de convivencia para a realización do pertinente Informe Social.

10.4. O/a traballador/a social elaborará a oportuna proposta sobre a procedencia de conceder ou denegar a axuda solicitada, que se elevará ao órgano competente.

Na proposta quedarán reflectidos os seguintes extremos:

- Identificación do/a solicitante
- Concepto para o que se concede a axuda
- Contía desta

- Número da conta de ingreso
- Duración máxima da axuda, se é o caso.
- E causa motivada de denegación se é o caso.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto durante todo o ano.

ARTIGO 11. RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN AOS/ÁS INTERESADOS/AS

Unha vez completado o expediente, logo da fiscalización de Intervención, elevarase á Xunta de Goberno Local a proposta de concesión ou denegación, segundo corresponda, para que se emita a resolución correspondente.

En todo caso, a axuda concederase en función do crédito orzamentario dispoñible.

Na resolución ditada pola Xunta de Goberno Local quedarán reflectidos os seguintes extremos:

- Identificación do/a beneficiario/a ou da unidade familiar beneficiaria.
- Concepto para o que se concede a axuda.
- Contía desta.
- Forma de pagamento.
- Duración máxima da axuda, se é o caso.
- Prazo establecido para presentar documentación xustificativa do gasto.

Notificaráselle ao interesado ou interesada a resolución adoptada no prazo máximo de 10 días. De xeito excepcional, poderá ditarse unha resolución provisional, cando concorran circunstancias graves, extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen, ata que sexa completado o expediente, logo da certificación de crédito orzamentario.

ARTIGO 12. FORMA DE PAGAMENTO

A forma de pagamento das axudas concedidas será a que se determine na resolución, podendo ser:

1. En metálico:

- Directo: a favor do/a petionario/a da axuda.
- Indirecto: a favor do/a provedor/a, tras comprobar a documentación correspondente; neste caso o/a perceptor/a da axuda deberá asinar unha declaración xurada que faga constar a cesión do pagamento a favor do/a provedor/a, segundo o modelo adxunto.

ARTIGO 13. XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

13.1 Pagamento en metálico:

13.1.1 Con carácter xeral, a xustificación das cantidades subvencionadas farase de xeito previo ao pagamento destas, mediante os seguintes medios:

- Factura con todos os requisitos regulamentarios.
- Contrato ou documento probatorio da prestación, en caso de servizos prestados por persoas ou entidades non obrigadas a facturar.
- Transmisión de dereitos de pagamento, de ser o caso.

En todo caso, deberán quedar de manifesto os seguintes extremos:

- Nome ou razón social e NIF do provedor ou prestador de servizos.
- Nome e NIF do perceptor da prestación, que deberá ser obrigatoriamente o perceptor da subvención.
- Contía do importe de subministración ou servizo, impostos de ser o caso incluídos.
- Concepto da subministración ou prestación de servizos.
- Data ou período de entrega da subministración ou prestación do servizo.

13.1.2 Excepcionalmente, a xustificación poderá ser posterior á percepción do pagamento cando concorran circunstancias graves ou urxentes que aparezan reflectidas no informe técnico. Neste caso, o/a beneficiario/a xustificará a axuda ante o Concello nun prazo máximo dun mes desde a recepción do importe.

En todo caso, transcorridos seis meses desde a concesión da subvención sen proceder á xustificación, esta entenderase caducada e será anulada, salvo concesión rogada de prórroga, outorgada unilateralmente para casos excepcionais.

ARTIGO 14. INSPECCIÓN E CONTROL

O Concello poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a documentación xustificativa destas, así como a requirirllas aos/ás beneficiarios/as nos termos que precise, todo iso de conformidade co disposto no título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ARTIGO 15. OBRIGAS DOS/AS INTERESADOS/AS

Os/as solicitantes destas axudas están obrigados/as a:

- Comunicarlle ao Servizo Social Comunitario todas aquelas variacións socorridas na súa situación sociofamiliar que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude, nun prazo máximo de 15 días.
- Destinar a cantidade percibida aos fins para os que foi concedida.
- Permitir e facilitar a actuación dos Servizos Sociais Comunitarios para avaliar a súa situación sociofamiliar e comprobar a aplicación da axuda á finalidade para a que foi concedida.
- Reintegrar os importes concedidos cando non se apliquen para os fins que se concederon.

ARTIGO 16. EXTINCIÓN DA AXUDA CONCEDIDA

Serán causas de extinción da axuda concedida:

- Falseamento ou ocultación de datos para obter ou conservar o dereito á axuda.
- Desaparición das circunstancias que deron orixe á súa concesión.
- Baixa do Padrón municipal.
- Non presentación de facturas ou documentación análoga que deron lugar á axuda concedida, no prazo establecido para iso.
- Cumprimento do prazo da duración da prestación económica.
- Falecemento do/ beneficiario/a.

ARTIGO 17. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

O Réxime de Infraccións e Sancións será o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de axudas para un mesmo contexto, sempre que non sexan complementarias con cargo a créditos doutras administracións públicas, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou a aplicación da prestación a fins distintos dos previstos dará lugar á cancelación da axuda e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades para reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento xeral de recadación.

ARTIGO 18. CRÉDITO ORZAMENTARIO

A concesión das Axudas de Emerxencia Social reguladas nas presentes bases, dentro de cada exercicio, quedarán subordinadas a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado.

SOLICITUDE DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

ANEXO I

Solicitud de Axudas de Emerxencia Social	PARA ENCHER POLA ADMINISTRACIÓN	
	Núm. de expediente	Núm de rexistro
	/	
	Data:	

1. SOLICITANTE			
Nome e apelidos			NIF/NIE
Enderezo			
Código postal	Municipio		Provincia
Teléfono fixo	Móbil	Fax	E-mail

2. REPRESENTANTE (se procede)			
Nome e apelidos			NIF/NIE
Enderezo			
Código postal	Municipio		Provincia
Teléfono fixo	Móbil	Fax	E-mail

3 EXPOÑO
Que cumpro os requisitos necesarios para ser beneficiario/a da Prestación de Axudas de Emerxencia Social do Concello do Grove E acepto as súas obrigacións como destinatario/a destas, recollidas no ANEXO II.

4. DOCUMENTACIÓN PARA ACHEGAR

Solicitude de axuda debidamente cuberta.

Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte de todos os membros da unidade familiar de convivencia maiores de 18 anos.

Fotocopia do Libro de Familia, de ser o caso.

Compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que é concedida, segundo o modelo adxunto.

Declaración das axudas recibidas polos mesmos motivos, segundo o modelo adxunto.

Certificado de empadramento do/a solicitante, no que se acredite unha antigüidade mínima de seis meses anteriores á formulación da solicitude (excepto casos especiais sinalados).

Certificado de convivencia a nome do/a solicitante.

Certificado do Concello do Grove de bens urbanos, rústicos, IAE, titularidade de vehículos, así como declaración xurada de posesións de bens urbanos, rústicos, IAE e titularidade de vehículos a nome de todas as persoas maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia.

No caso de persoas con discapacidade ou enfermidade, deberán achegar o certificado do grao de discapacidade ou o informe do Sistema Público de Saúde onde se acredite a enfermidade invalidante.

No caso de manifestar maltrato ou violencia doméstica, deberá presentar a documentación ou un documento acreditativo.

No caso de separación ou divorcio, deberá presentar a documentación acreditativa da situación e, de ser o caso, de pensións alimenticias e compensatorias.

Xustificantes de gastos de vivenda: fotocopia do contrato de alugamento, xustificante acreditativo dos gastos de mantemento da vivenda pendente de pagamento e orzamento de material e calquera outro equipamento obxecto de subvención que se constate necesario.

No caso de débeda contraída co/a propietario/a da vivenda, declaración deste/a que así o acredite; e no caso de vivenda compartida ou pensións, declaración do/a propietario/a do custo por cuarto ou contrato do cuarto.

No caso de solicitar axuda para tratamento farmacolóxico, deberá achegar a receita médica do Sergas e a documentación acreditativa da farmacia do custo do produto.

Xustificantes de ingresos da unidade familiar de convivencia:

- Fotocopia da última declaración do IRPF de todos os membros maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia; no caso de non ter que presentala, da certificación negativa do IRPF.
- No caso das persoas en situación de desemprego, copia da súa tarxeta de demandante de emprego e certificado de prestacións por desemprego e, no seu defecto, certificado negativo polo servizo público de emprego.
- Certificado da Vida Laboral da Seguridade Social.
- Copia da última nómina das persoas que se atopen desempeñando actividade laboral remunerada regular e copia do contrato de traballo.
- Certificado de pensionista emitido polo organismo competente, para as persoas beneficiarias dalgún tipo de prestación do sistema; en caso contrario, certificación negativa ao respecto das persoas maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia.

Copia ou certificación bancaria onde o solicitante conste como titular dun número de conta, cando sexa necesario.

Orzamento que vai ser obxecto da concesión da axuda.

Outros documentos específicos segundo as circunstancias de necesidade.

Calquera outra documentación que para a correcta valoración da solicitude se lle poida requirir durante a tramitación.

**5. SOLICITA**

A concesión da correspondente Axuda de Emerxencia Social.

6. AVISO LEGAL

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase do seguinte:

- Os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude serán incorporados e tratados de forma confidencial nun ficheiro propiedade deste concello.
- Os datos obtidos nesta instancia poderán ser utilizados, salvagardando a súa identidade, para a realización de estatísticas internas.
- Vostede terá a posibilidade de acceder en calquera momento aos datos facilitados, así como de solicitar, se é o caso, a súa rectificación, oposición ou cancelación, dirixindo una comunicación escrita, xunto coa documentación acreditativa da súa identidade, a este concello.

_____, ____ de _____ de 20 ____

(Sinatura)

COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLO/A SOLICITANTE**ANEXO II**

Don/a

DNI/NIE

COMPROMÉTESE, NO CASO DE CONCESIÓN DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL, A:

1. Comunicarlle ao Servizo Social Comunitario, nun prazo máximo de 15 días, todas aquelas variacións ocorridas na súa situación sociofamiliar que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude.
2. Destinar a cantidade percibida aos fins para os que foi concedida.
3. Permitir e facilitar a actuación dos Servizos Sociais Comunitarios para avaliar a súa situación sociofamiliar e comprobar a aplicación da axuda á finalidade para a que foi concedida.
4. Reintegrar os importes concedidos cando non se apliquen para os fins que se concederon.

_____, ____ de _____ de 20 ____

(Sinatura do/a solicitante)

ANEXO III

Don/a....., con DNI/NIE, beneficiario/a dunha Axuda de Emerxencia Social do Concello do Grove por un importe de..... euros, mediante un acordo da Xunta de Goberno Local do día para facerlle fronte aos gastos derivados do, delego o meu dereito de cobramento en don/a....., con DNI/NIE, e procedo a efectuar a oportuna notificación con achega da seguinte documentación:

- Copia compulsada do DNI/NIE do/a cedente.
- Copia compulsada do DNI/NIE do/a cesionario/a.
- Número da conta do/a cesionario/a na que deberá efectuarse o ingreso correspondente (fotocopia da primeira páxina da cartilla bancaria).

..... de de 20

O Grove, a 5 de xullo de 2013. — O Alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

2013006825